



INSTITUTO GALEGO DE
ESTADÍSTICA

INFORME SOBRE OS INDICADORES DE ACTIVIDADE E DE VEB DO SECTOR SERVIZOS


Marzo 2021

Santiago de Compostela, 21 de maio de 2021

Instituto Galego de Estatística
Complexo Administrativo San Lázaro s/n
15703 Santiago de Compostela (A Coruña)
Contacto: <http://www.ige.eu/web/peticioninfo.jsp?>
Teléfono información: 981.54.15.89 (de 9:00 a 14:00 horas)
FAX: 981.54.13.23
Páxina Web : <http://www.ige.eu>

Indicador de actividade e de VEB do sector servizos. Base 2015. Marzo 2021


- O indicador de actividade no sector servizos rexistra no mes de marzo en Galicia un incremento do 30,8% respecto ao mesmo mes do ano anterior. A nivel nacional, a cifra de negocios no sector servizos aumenta o 20,8%.
- No Comercio incrementa a facturación o 31,9% e nos Outros servizos o 27,6%.
- En todas as comunidades autónomas aumenta a cifra de negocios.
- O persoal ocupado no sector servizos diminúe en Galicia un 1,6% e en España un 2,8% respecto ao mesmo mes do ano anterior.
- Todas as comunidades autónomas rexistran descensos do persoal ocupado no mes de marzo.



1. Cifra de negocios

1.1 Índice xeral e por sectores de actividade

O indicador de actividade no sector servizos rexistra no mes de marzo en Galicia un incremento do 30,8% respecto ao mesmo mes do ano anterior, taxa dez puntos superior á do conxunto do Estado, 20,8%.



O *Comercio*, cun crecemento do 31,9%, achega 23,3 puntos á taxa de variación do índice xeral; os *Outros servizos* incrementan a súa facturación o 27,6% e achegan 7,5 puntos á taxa de variación do índice xeral.

En España a facturación no *Comercio* aumenta o 26,9% e nos *Outros servizos* o 8,9%.

Nas actividades comerciais, o *Comercio por xunto* crece o 32,9%, co que achega 17,3 puntos a taxa de variación do índice xeral, a *Venta e reparación de vehículos de motor* aumenta un 68,7% e achega 1,9 puntos e o *Comercio ao retalho* medra un 21,9% e achega 4,0 puntos. A nivel nacional, a *Venta e reparación de vehículos de motor* crece o 84,8%, o *Comercio por xunto* o 23,1% e o *Comercio ao retalho* o 21,0%.

Os *Outros servizos* incrementan a cifra de negocios en Galicia o 27,6%. Os sectores que amosan mellor comportamento son o *Transporte*, cun crecemento do 44,1%, con que achega 6,0 puntos e as *Actividades profesionais, científicas e técnicas* que crecen un 35,3%. O único sector con taxa negativa é *Actividades administrativas e servizos auxiliares*, -6,8%.

En España, os *Outros servizos* aumentan o 8,9%. Todos os sectores rexistran taxas positivas agás *Actividades administrativas e servizos auxiliares*, -2,6%.

No primeiro trimestre do ano, a facturación no sector servizos crece un 0,3% en Galicia mentres que diminúe un 3,8% en España. O crecemento en Galicia débese aos *Outros servizos*, que aumentan un 3,7% a súa facturación, mentres que cae un 0,8% no *Comercio*. En España o *Comercio* crece un 0,7% mentres que a facturación nos *Outros servizos* diminúe un 12,5%.

1.2 Índice de cifra de negocios ponderando por VEB

Utilizando como ponderación o VEB en lugar da cifra de negocios, o índice aumenta o 26,9% no mes de marzo.

Os sectores que máis contribúe a este incremento son o *Comercio* e o *Transporte*, con taxas do 34,6% e 39,6% respectivamente.

O único sector con taxa negativa é *Información e comunicacións*, -0,3%.


No primeiro trimestre do ano, o índice rexistra unha taxa do -8,7%. O sector con peor comportamento é a *Hostalería*, -55,7%.

1.3 Datos corrixidos de calendario

O efecto calendario determina as diferenzas que se producen nunha variable pola diferente estrutura que teñen os meses (tanto en número de días como na composición de días laborables e festivos).

Se se elimina este efecto, o índice ponderado por cifra de negocios aumenta o 29,9% respecto ao mesmo mes do ano anterior e o índice ponderado por VEB o 25,2%.

O seguinte gráfico amosa a evolución do indicador de actividade do sector servizos corrixido de calendario segundo o método de ponderación.




.4. Indicadores por comunidades autónomas

No mes de marzo en todas as comunidades autónomas incrementan a cifra de negocios respecto ao mesmo mes do ano anterior. Os maiores crecementos rexístranse en Castilla-La Mancha (31,8%), Castilla y León (30,9%) e Galicia (30,8%). Os menores incrementos rexístranse en Iles Balears (0,3%) e Canarias (1,3%).

Índices de cifra de negocios. Marzo 2021

Taxa de variación en %




No primeiro trimestre do ano, oito comunidades rexistran taxas positivas, acadando as taxas máis altas Castilla y León (1,4%), Cantabria (1,4%) e Castilla-La Mancha (1,3%). Os maiores descensos rexístranse en Iles Balears (-25,1%) e Canarias (-24,8%).

2. Persoal ocupado

2.1 Índice xeral e por sectores de actividade

O persoal ocupado diminúe en Galicia un 1,6% respecto ao mes de marzo de 2020, 1,2 puntos menos que en España (-2,8%).



O persoal ocupado diminúe un 0,6% no *Comercio* e un 2,3% nos *Outros servizos*. A maior redución de emprego dáse na *Hostalería* (-11,8%). En senso contrario, *Actividades administrativas e servizos auxiliares* rexistra o maior incremento, 3,0%.


En España, o persoal ocupado diminúe un 1,6% no *Comercio* e un 3,6% nos *Outros servizos*. O maior descenso tamén se rexistra na *Hostalería* (-12,3%).

2.2. Indicadores de ocupación por comunidades autónomas

Todas as comunidades autónomas reducen o emprego no sector servizos no mes de marzo con respecto ao mesmo mes do ano 2020. As taxas máis baixas rexístranse en Illes Balears (-12,3%) e Canarias (-8,6%).

Índices de persoal ocupado. Marzo 2021

Taxas de variación en %



Notas metodolóxicas

Cifra de negocios: comprende os importes facturados pola empresa pola prestación de servizos e venda de bens que son obxecto do tráfico da empresa, incluídos os realizados por subcontratación. Contabilízanse incluíndo os impostos que gravan os bens e servizos coa excepción do IVE repercutido ao cliente.

Persoal ocupado: É o número total de persoas que traballan na empresa; inclúe o persoal remunerado, persoal que non percibe unha remuneración fixa ou salario (proprietarios que traballan na empresa e axudas familiares), persoal facilitado polas empresas de traballo temporal e traballadores autónomos dependentes con contrato non laboral.

Valor engadido bruto: Para cada unidade dedicada a unha actividade produtiva, é a diferenza entre a produción e os consumos intermedios. Valórase a prezos básicos, que son os prezos que os produtores reciben dos compradores restando calquera imposto que se pague e sumando calquera subvención que se reciba.

Os indicadores constrúense a partir dos microdatos dos Indicadores de actividade do sector servizos subministrados polo INE.

Anexo cadros

Cadro 1. Índices de cifra de negocios. Marzo 2021

	ÍNDICE	VARIACIONES (%)	
		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO
Galicia			
Xeral	134,6	30,8	0,3
Comercio	137,1	31,9	-0,8
Venta e reparación de vehículos de motor	106,7	68,7	11,7
Comercio por xunto	150,2	32,9	-2,7
Comercio ao retalho	111,8	21,9	1,6
Outros servizos	127,1	27,6	3,7
Transporte	177,2	44,1	26,1
Hostalería	47,9	14,9	-57,0
Información e comunicacións	111,5	0,1	-4,9
Actividades profesionais, científicas e técnicas	132,5	35,3	9,9
Actividades administrativas e servizos auxiliares	88,7	-6,8	-19,1
España			
Xeral	118,8	20,8	-3,8
Comercio	127,3	26,9	0,7
Venta e reparación de vehículos de motor	133,0	84,8	5,4
Comercio por xunto	136,9	23,1	0,8
Comercio ao retalho	106,9	21,0	-0,9
Outros servizos	103,2	8,9	-12,5
Transporte	112,2	12,2	-8,1
Hostalería	52,1	15,0	-47,0
Información e comunicacións	112,3	6,4	-4,3
Actividades profesionais, científicas e técnicas	135,9	11,5	-1,6
Actividades administrativas e servizos auxiliares	86,7	-2,6	-21,1

Fonte: IGE. Elaboración propia a partir dos datos suministrados polo INE

Cadro 2.- Índices de cifra de negocios ponderada por VEB. Marzo 2021

	ÍNDICE	VARIACIONES (%)	
		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO
Galicia			
Xeral	117,3	26,9	-8,7
Comercio	131,2	34,6	2,1
Transporte	191,6	39,6	18,0
Hostalería	49,6	16,7	-55,7
Información e comunicacións	112,6	-0,3	-4,5
Actividades profesionais, científicas e técnicas	134,2	38,4	7,3
Actividades administrativas e servizos auxiliares	115,9	1,3	-9,0

Fonte: IGE. Elaboración propia a partir dos datos suministrados polo INE

**Cadro 3. Índices de cifra de negocios por comunidades autónomas.
Marzo 2021**

	ÍNDICE	VARIACIONES (%)	
		INTERANUAL	NO QUE VAI DE AÑO
ESPAÑA	118,8	20,8	-3,8
Andalucía	119,8	16,8	-3,3
Aragón	121,9	26,7	0,0
Asturias	114,3	24,0	-1,6
Balears, Illes	69,9	0,3	-25,1
Canarias	84,2	1,3	-24,8
Cantabria	126,8	29,8	1,4
Castilla y León	117,6	30,9	1,4
Castilla-La Mancha	127,4	31,8	1,3
Cataluña	114,4	21,1	-3,3
Comunitat Valenciana	126,8	24,0	-0,4
Extremadura	120,7	18,5	-2,3
GALICIA	134,6	30,8	0,3
Madrid	122,9	20,0	-4,9
Murcia	125,7	13,5	-2,0
Navarra	126,3	24,5	0,2
País Vasco	123,1	22,6	0,9
Rioja, La	133,9	30,0	0,5

Fonte: INE

Cadro 4. Índices de persoal ocupado. Marzo 2021

	ÍNDICE	VARIACIÓN (%)	
		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO
Galicia			
Xeral	103,2	-1,6	-3,0
Comercio	106,8	-0,6	-1,5
Venta e reparación de vehículos de motor	96,5	-2,3	-3,5
Comercio por xunto	121,0	1,0	-0,1
Comercio ao retalho	100,7	-1,4	-2,1
Outros servizos	100,5	-2,3	-4,3
Transporte	99,9	-2,2	-3,2
Hostalería	83,2	-11,8	-15,9
Información e comunicacións	110,2	2,7	1,3
Actividades profesionais, científicas e técnicas	108,7	2,0	0,8
Actividades administrativas e servizos auxiliares	113,2	3,0	2,4
España			
Xeral	102,4	-2,8	-4,1
Comercio	103,8	-1,6	-2,3
Venta e reparación de vehículos de motor	103,1	-2,5	-3,7
Comercio por xunto	109,2	-0,6	-1,0
Comercio ao retalho	100,5	-2,1	-3,0
Outros servizos	101,4	-3,6	-5,3
Transporte	105,1	-2,3	-2,8
Hostalería	85,0	-12,3	-15,8
Información e comunicacións	111,3	0,7	-0,4
Actividades profesionais, científicas e técnicas	107,1	0,0	-0,9
Actividades administrativas e servizos auxiliares	108,7	-0,6	-2,1

Fonte: IGE. Elaboración propia a partir dos datos subministrados polo INE

**Cadro 5. Índices de persoal ocupado por comunidades autónomas.
Marzo 2021**

	ÍNDICE	VARIACIONES (%)	
		INTERANUAL	NO QUE VAI DE AÑO
ESPAÑA	102,4	-2,8	-4,1
Andalucía	100,5	-3,2	-4,8
Aragón	104,4	-2,1	-3,6
Asturias	100,7	-1,4	-2,9
Balears, Illes	83,8	-12,3	-12,3
Canarias	96,9	-8,6	-10,2
Cantabria	100,3	-4,1	-5,6
Castilla y León	99,2	-2,5	-3,9
Castilla-La Mancha	103,6	-0,9	-2,4
Cataluña	103,8	-2,5	-3,8
Comunitat Valenciana	104,5	-2,7	-3,4
Extremadura	100,9	-1,2	-3,1
GALICIA	103,2	-1,6	-3,0
Madrid	104,7	-1,8	-3,1
Murcia	108,6	-1,9	-3,4
Navarra	102,6	-3,1	-4,8
País Vasco	102,6	-1,3	-2,7
Rioja, La	103,6	-1,9	-3,3

Fonte: INE